

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE ABRIL DE 2023.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de abril de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión da licenza urbanística para melloras tecnolóxicas de fábrica de pensos na rúa da Factoría, número 118 (exp. 2022/Y001/000324).

Tamén se acorda denegar a licenza urbanística para a construción de edificio destinado a almacén de apeiros agrícolas, leñeiro e outros usos auxiliares en Santoiño, Piúgos (exp. 2021/Y001/000186).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para a construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural 18.3 Galegos de Abaixo-Xuíz na parroquia de Castelo-Santiago de Afora (exp. 2020/Y001/000327); para a rehabilitación de vivenda tradicional e anexos no núcleo rural 29.4 Pacios-A Barreira-Milleirós, número 2, parroquia de Meilán (exp. 2021/Y001/000288); e para a construción de nave industrial para centro de formación, oficinas, almacén e garaxe na rúa María Barbeito, esquina rúa Bibiano Osorio Tafall. Parcela K.1.2.1 do PE das Gándaras (exp. 2023/Y001/000047).

Acórdase non conceder a licenza urbanística para a legalización de fosa de purín en Pedrada (exp. 2020/Y001/000330).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

## ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac4208941074005574130.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-4-2023

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a aprobación do procedemento para a adxudicación do contrato mixto de arrendamento con opción de compra de 56 traxes de intervención con arnés anticaídas incorporado, incluíndo o mantemento e reparacións durante un período de 60 meses (5 anos) dos 56 traxes e o mantemento e reparacións de 54 traxes propiedade do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) do Excmo. Concello de Lugo. Aprobación do prego técnico e do prego de cláusulas administrativas particulares, exp. ref. 2023/C004/000012.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto na contratación da subministración de combustible para vehículos e maquinaria municipal, así como a adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e a apertura do procedemento de contratación, ref. exp. 2023/C004/000009.

Tamén se acorda as adxudicacións das seguintes contratacións: contratación da obra de "acondicionamiento, conservación y mejora de rúa Pousadela" dentro da Estratexia Dusi Muramiñae da Muralla ao Miño incluído no programa operativo Feder orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, con financiamento do 80%, exp. ref. 2022-C002-000029; contratación da obra "abastecemento de auga ao núcleo de Ferreiros", obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación, exp. ref. 2022-C002-000036; e contratación dun servizo de mantemento integral (preventivo e correctivo) das ancoraxes, liñas de vida e equipos para traballos en altura pertencentes ao Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) do Concello de Lugo, exp. 2023/C003/000010.

Acórdase a segunda e derradeira prórroga do contrato para a subministración de produtos de limpeza de instalacións deportivas, exp ref: 2021/C004/000004, que vai dende o día 04-06-2023 ata o 03-06-2024.

Tamén se acorda a adxudicación da contratación da obra "terminación das obras de renovación das redes de abastecemento e saneamento en varias rúas do Barrio do Grupo la Paz", exp. ref. 2022-C002-000028.

Acórdase a prórroga da contratación da subministración de pan fresco do

día e outros produtos de panadería (empanadas) para as instalacións municipais Fogar do Transeúnte (albergue municipal) dende o 14-05-2023 ata o 13-05-2024.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración de 54 traxes de rescate técnico para o persoal do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) do Excmo. Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C004/000003.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación polo procedemento aberto na contratación mediante dous lotes do servizo de roza de pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C003/000015.

Tamén se acorda a adxudicación da contratación da obra de acondicionamento de parcelas municipais 27900A44100077 e 27900A44200015 en San Cibrao, exp. ref. 2022/C002/000034.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “renovación da capa de rodadura na Avenida das Américas” e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C002/000002.

**3. PERSOAL.-** Acórdase adquirir o compromiso de incorporación dunha praza de celador/a CEIP na próxima oferta de emprego público para o ano 2023.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a construción de almacén agrícola no Cabalo, Orbazai.

### ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

## ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac4208941074005574130.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-4-2023

**5. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a autorización de uso en precario de locais municipais e instalacións da Casa Clara Campoamor de asociacións de interese social e da Casa María Mariño de asociacións de interese social.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**